UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GUIÓN ORIENTATIVO PARA A CONFIGURACIÓN DO PORTAFOLIO

PRÁCTICUM II

GRAO DE EDUCACIÓN SOCIAL

Facultade de Ciencias da Educación

Este portafolio é un espazo de documentación e reflexión arredor do deseño, aplicación e avaliación dunha proposta socioeducativa nun contexto profesional real.

Ao longo deste traballo, o alumnado deberá identificar unha realidade concreta nun contexto profesional, analizar as súas necesidades, formular unha proposta fundamentada, axustada e viable, e poñela en marcha co acompañamento da institución. O portafolio recollerá tamén a memoria da súa implementación, as aprendizaxes extraídas e a reflexión crítica sobre o proceso.

Trátase, así, dunha experiencia de aprendizaxe baseada na acción, en que a teoría se pon á proba no contacto co real e o compromiso ético se traduce en práctica situada, consciente e transformadora.

Obxectivos:

- Deseñar unha proposta socioeducativa axustada ao contexto, necesidades e posibilidades da institución colaboradora.
- Pór en práctica a acción deseñada, asumindo un rol activo e reflexivo como futura/o educadora/or social.
- Documentar e analizar o proceso de implementación, valorando dificultades, fortalezas e aprendizaxes emerxentes.
- Reflexionar criticamente sobre a práctica profesional, conectando a experiencia coa formación teórica previa.
- Desenvolver competencias profesionais clave: planificación, intervención, avaliación, traballo en equipo, capacidade de innovación e responsabilidade social.
- Exercer a autorreflexión ética e profesional, recoñecendo necesidades de mellora e compromisos formativos futuros.

ASPECTOS FORMAIS

1) Portada (anexo I).

2) O traballo debe de ter un índice paxinado en que se reflicta, como mínimo, o número de apartados que se recollen neste guión do portafolio, así como os subapartados que o alumno/a considere necesarios para orientar mellor a súa lectura. Se procede, pódese incluír un índice de táboas ou gráficos.

3) Apartados do Portafolio (anexo II).

4) Formato:

- Extensión: entre 40 e 60 páxinas, mais os anexos
- Letra: Times New Roman 12
- Espazamento entre liñas de 1,5 liñas e aliñamento xustificado
- Marxes superior e inferior de 2,5 cm
- Marxes laterais de 2,5 cm

5) Bibliografía. Só se recollerán as referencias que foron citadas ao longo do TFG e organizarase seguindo algún dos formatos recomendados para a redacción de citas bibliográficas, como por exemplo APA, VANCOUVER (URM), HARVARD, CHICAGO (CMS) (CMOS) etc.

6) Anexos. Incluirase aquela documentación que sirva para fundamentar e ampliar o contido do Practicum. Os anexos deben ir recollidos no índice e, por tanto, paxinados.

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Anexo I. Portada do Prácticum

PRÁCTICUM II

Nome e apelidos do autor/a
Titor/titora Facultade (no me e apelidos)
Institución de Prácticum
titor/titora da Institución (nome e apelidos)

Grao en (nome da titulación)

Curso 20__-20

Anexo II. Apartados do Portafolio

PORTAFOLIO. PRÁCTICUM II

Índice paxinado

I. INTRODUCIÓN

Breve presentación da institución, servizo ou programa e xustificación da elección

II. DESEÑO DA PROPOSTA SOCIOEDUCATIVA

Este apartado recolle os elementos clave da proposta socioeducativa.

2.1. Título: suxestivo, representativo, significativo, que comunique a esencia da proposta.

2.2. Presentación: breve descrición da proposta, do que se pretende, como e con quen.

2.3. Análise da realidade: que características ten o colectivo destinatario?, que necesidades se detectan?, cales se priorizan?, que límites institucionais condicionan o deseño?

2.4. Xustificación teórica: que din os estudos sobre o tema priorizado?, que enfoques ou marcos conceptuais sustentan a proposta?

2.5. Responsables da súa aplicación: concrétese o rol que desenvolverá

2.6. Grupo destinatario

2.7. Finalidades, obxectivos e contidos: que transformación se pretende?, que aprendizaxes se queren promover?

2.8. Metodoloxía: que principios metodolóxicos orientan a intervención?

2.9. Accións/actividades/tarefas: que se vai facer,

2.10. Recursos: que medios materias, infraestruturais e económicos se precisan?

2.11. Temporalización: que fases ten a proposta?, como se estrutura no tempo?

2.12. Avaliación: como se avaliará o proceso e os resultados?, como participarán as persoas implicadas na avaliación?

2.13. Orzamento

III: CADERNO DE PRÁCTICAS OU DIARIO

Enténdese o caderno de prácticas ou diario como unha ferramenta pedagóxica que permite e facilita a análise e reflexión sobre a práctica, co obxecto de mellorala de maneira continuada e de innovar no ámbito do desenvolvemento profesional permanente do/a educador/a social. Trata de visibilizar asexperiencias vividas que, lidas pedagoxicamente, contribuirán a buscar novas respostas, isto é, a mellorar a nosa formación.

Elaborarase a partir da reflexión pedagóxica de carácter procesual realizada ao longo de todo o período de prácticum. Para isto, recoméndase dedicar todos os días un tempo fixo para esta tarefa, aínda que ao final se seleccionen seis entradas, que deberán incluírse no índice do portafolios cos seus respectivos títulos.

Aspectos formais:

- Cada entrada estruturarase da seguinte forma:
    - Título
    - Descrición detallada e ordenada da situación obxecto de reflexión e análise (que sucede, onde sucede, durante canto tempo sucede, quen está implicado...), recollendo os diferentes puntos de vista das persoas implicadas de forma directa ou indirecta.
    - Análise reflexiva da situación descrita poñéndoa en relación coa teoría estudada nas diferentes materias do grao, facendo referencia ás fontes documentais en que se apoia a reflexión, que deberán ser citadas correctamente.
    - Conclusións e, se procede, propostas de mellora.
- Confidencialidade: non debe figurar en ningún apartado do documento nomes e apelidos das persoas implicadas.

Contidos do diario:

No diario ou caderno de prácticas hai que describir, analizar e reflexionar sobre as actividades desenvolvidas e as aprendizaxes adquiridas durante o período de

prácticas. Trátase de centrar a atención en cuestións, dúbidas, opinións, valoracións etc. xurdidas tras a xornada de traballo, e tentar darlles resposta facendo uso do coñecemento teórico adquirido durante a titulación, e das lecturas recomendadas na materia.

3.1. Memoria narrativa da posta en práctica do proxecto, programa, recurso etc. na que se inclúa unha reflexión sobre as oportunidades e dificultades no deseño e na aplicación; avaliación por parte dos diferentes implicados (titor/a e usuarios/as); e valoración persoal e propostas de mellora de cara á futura actividade profesional.

3.2 a 3.5 Entradas libres sobre contidos que poden estar relacionados con: valores reflectidos no labor socioeducativo diario do centro (autonomía e participación, igualdade...); incidencia do labor institucional no contexto en que se atopa; o lugar da educación nas accións desenvolvidas; elementos estruturais que limitan a acción educativa; o papel dos tempos, espazos e recursos no deseño e desenvolvemento da acción socioeducativa...

3.6. Reflexión global sobre a formación académica e a súa relación co prácticum: o/a educador/a social en... (centro de menores, prisión): papel, funcións, responsabilidades; aprendizaxes adquiridas na institución e necesidades de formación para o futuro exercicio profesional

IV. XORNADAS DO PRÁCTICUM

Descrición e valoración das súas achegas para a formación teórico/práctica do futuro profesional da educación social.

V. CONCLUSIÓN/ REFLEXIÓN

Reflexión global sobre a formación académica e a súa relación co prácticum: o/a educador/a social no ámbito en que se desenvolveron as prácticas: papel, funcións, responsabilidades; aprendizaxes adquiridas na institución e necesidades de formación para o futuro exercicio profesional.

VI. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

VII. ANEXOS